



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO TURISMO DE GALICIA FRONTE AOS EFECTOS DA COVID-19

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para a elaboración do Plan Director de Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Terceiro.- No presente ano 2020 finaliza o período de execución da vixente Estratexia de Turismo de Galicia. Ás portas do Xacobeo 2021 e tras anos de crecemento constante do sector turístico galego, con cifras récord en termos de demanda, era o momento de deseñar un novo Plan Estratéxico de Turismo de Galicia, co Xacobeo 2027 e/ou o ano 2030 no horizonte, así como un novo Plan Director do Camiño de Santiago.

A aparición da COVID-19 non anula a necesidade de planificar unha Estratexia, que segue sendo imprescindible, idea reforzada coa súa inclusión como medida no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, se ben obriga a reformular cuestións como os obxectivos, prioridades ou horizonte temporal.

Nestes intres é preciso afondar nas necesidades a curto prazo do sector, de cara a elaborar unha folla de ruta que permita a Galicia como destino e, por suposto, ás empresas turísticas galegas, superar a crise económica e situarse en posicións de vangarda de cara á posterior recuperación.

O Plan Director do Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19 ten como obxectivo a definición dunha serie de medidas estratéxicas e operativas que permitan superar a crise multidimensional provocada pola COVID-19, reactivando o sector turístico e aproveitando a conxuntura para reposicionar a Galicia como destino. O plan debe preparar a transición cara os anos de recuperación, onde se definiría unha nova Estratexia de Turismo co 2027 ou o 2030 como posibles metas temporais, nun período con varios Anos Santos e coa sustentabilidade como eixo irrenunciabile.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

O plan elaborárase co seguinte enfoque metodolóxico:

- Enfoque científico, coa participación das tres universidades galegas, fórmula de probado éxito na elaboración da vixente Estratexia 2020.
- Diagnose participativa. O CTG coordinará o traballo de campo co sector turístico, de cara a recoller as súas necesidades e expectativas e validar o labor previo das universidades.
- Plan Estratéxico e Operativo. Propostas para reactivar o turismo en 2021, co pulo do Xacobeo 2021, e ata que finalice a actual situación epidemiolóxica. Aproveitamento do financiamento europeo para impulsar proxectos tractores. Fortalecemento e reposicionamento de Galicia como destino turístico a curto prazo, e en especial como destino seguro
- Indicadores de destino a curto prazo.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG. As liñas de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia para dar cumprimento ao obxecto deste convenio é a seguinte: ***Deseño e elaboración do Plan Director do Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19.***

Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de reactivación do sector turístico tan afectado pola crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 que provocou unha parálise total do citado sector, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar co Clúster para o desenvolvemento do programa antes referido, por ser a única entidade que representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

Quinto.- O obxecto do presente convenio é definir as liñas básicas da colaboración público-privada co CTG para o deseño, elaboración e redacción do *Plan Director do Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19.*



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Sexto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José De La iglesia Lema



Xacobeo 2021

